

REGULAMENTO CTO. GALEGO DE SX 2024

A Federación Galega de Motociclismo convoca o Campionato Galego de Supercross 2024 para as seguintes categorías:

CATEGORÍA	IDADE MINIMA	IDADE MAXIMA	CILINDRADA 2T	CILINDRADA 4T
SX1	16		100cc – 500cc	175cc –650cc
SX2	14	23 anos**	100cc – 250cc	175cc –250cc
SUB18	14	19 anos**	100cc – 250cc	175cc –250cc
SX85	10	14 anos**	70cc - 85cc	
SX65	6	12 anos**	65cc con cambio	
SX50	6	9 anos**	50cc	
MASTER	35		100cc – 500cc	175cc –650cc

** idade cumprida no presente ano.

Se compiten un mínimo de 3 participantes femininas na mesma categoría quedará convocado o Trofeo Galego de SXFeminas.

1. REGULAMENTOS. Os regulamentos particulares de tódalas competicións puntuables para este campionato deberán ser enviados a F.G.M., como mínimo, cun mes de antelación á súa data de realización, para a súa aprobación. Acompañarase cun plano a escala do circuíto (pista, parque de corredores, instalacións complementarias, situación dos comisarios de sinalización, etc.) coa indicación das dimensións, e cos permisos ou autorizacións correspondentes (Concello, Comunidade de Montes, propietarios circuíto, etc.). Toda aquela competición da cal non se reciba o seu regulamento nese prazo poderá considerarse suspendida, e segundo acordo da asemblea xeral do 22/01/00 perderá o aval ou garantía, así como as posibles subvencións por organizar probas dos campionatos galegos. A todas probas suspendidas serán cargados dereitos dobres. A Comisión Delegada será a encargada de designar a organización da competición reserva.

Os Circuítos onde se realicen as probas deberán contar coa inspección dunha comisión técnica da F.G.M., previa á aprobación do regulamento.

2. INSCRICIÓNS. As inscricións e o pago dos dereitos correspondentes deberán efectuarse a través da zona privada de federado na web da FGM www.fgmoto.org.

1. En prazo: ata as 23:59 horas do mercores anterior (ou 3 días se non é fin de semana).

2. Fora de prazo: ata as 10:00 horas do venres anterior ao día da proba. Estas inscricións terán un recargo. A inscrición no circuíto o día da proba leva dereitos dobres. Os dereitos dobres cobrados no día da proba considereanse unha penalización. A FGM facturará aos clubs organizadores os dereitos dobres cobrados no día.

No caso de non poder asistir a unha competición deberá ser comunicado na FGM ata o venres ás 13.00 h. anterior ao día da celebración da competición. Para ter dereito a devolución dos dereitos, deberá facerse vía correo electrónico a inscricions@fgmoto.org.

O importe das inscricións leva incluído o importe dun euro (1,00 €) de compensación polo gasto derivado da xestión telemática das inscricións e o seu pago.

Nas competicións cronometradas con transponders da FGM, o importe da inscrición leva incluída a compensación económica de tres euros (3,00 €) destinada a creación dun fondo para reposición e renovación de transponders.

Poderán participar pilotos con licenza Homologada RFME doutras comunidades autónomas puntuando para o Campionato Galego. Deberán realizar e pagar a inscrición a través da web da FGM nos prazos e prezos establecidos.

	PRAZO	FORA P.		PRAZO	FORA P.
SX1	52 €	62 €	MASTER	52 €	62 €
SX2	52 €	62 €	SUB 18	52 €	62 €
SX85-65-50	37 €	47 €			

Todo piloto que non devolva o transponder no día de carreira antes da media hora despois de finalizada a proba, será penalizado con 100 € na inscrición da seguinte carreira e sempre que o devolva en perfectas condicións na semana seguinte. Se a devolución e posterior a unha semana, con danos irreparables ou non se devolve, a penalización será de 200 €. A non devolución do transponder poderá ser motivo de apertura de expediente disciplinario.

Todo aquel piloto que estea inscrito nunha competición e que non poida participar nela, está obrigado a comunicalo á F.G.M. tan axiña como sexa posible, o máis tardar dous días antes da celebración da proba coa xustificación correspondente mediante escrito. Esta comunicación dará dereito a devolución do importe da inscrición..

En caso de incumprimento deste procedemento aplicarase o art. 92 do Regulamento Deportivo da F.G.M. No caso de estar a grella de saída completa, o xurado da proba pode non admitir a inscrición do piloto feita no propio circuito si esta alterase o número de mangas ou os horarios da carreira. No caso de ser admitida **NON** puntuará para a clasificación desa competición nin para a clasificación do campionato.

3. LICENZAS. Poderán participar neste campionato os pilotos que posúan a licenza GALEGA ou HOMOLOGADA RFME do ano en curso tramitada pola FGM, da clase Motocrós e das categorías Sénior e Júnior, que puntuarán por separado para as categorías.. Poderán participar pilotos doutras comunidades con licenza HOMOLOGADA RFME sempre que realicen a inscrición conforme o art. anterior, con dereito a trofeos da proba e clasificarán para o Cto. Galego.

4. MOTOCICLETAS ADMITIDAS. Poderán participar neste campionato calquera motocicleta aceptada polos regulamentos F.I.M., R.F.M.E. e F.G.M. para a práctica do Motocrós das seguintes cilindradas segundo a categoría:

CATEGORÍA	CILINDRADA 2T	CILINDRADA 4T
SX1	100cc – 500cc	175cc –650cc
SX2	100cc – 250cc	175cc –250cc
SUB18	100cc – 250cc	175cc –250cc
SX85	70cc - 85cc	
SX65	65cc con cambio	
SX50	50cc	
MASTER	100cc – 500cc	175cc –650cc

5. MÍNIMO DE COMPETICIÓNS PUNTUABLES. O campionato considerarase válido coas probas que se realicen dentro do calendario. En tódalas competicións puntuables para estes campionatos é obrigatoria a grella mecánica de saída de 16 metros.

Para que sexan admitidos en carreira, os pilotos teñen que completar un mínimo de cinco voltas durante os adestramentos da competición. O Regulamento particular debe indica-las condicións e horarios dos adestramentos

Está prohibido todo adestramento durante a media hora antes da saída da 1ª manga, se non o autoriza o director da competición por razóns excepcionais.

No caso de que o percorrido da pista sexa modificado tódolos corredores deben te-la posibilidade de efectuar polo menos unha volta de recoñecemento ao novo trazado.

Organizarase unha sesión de adestramentos libres de 20 min. para a categoría SX1/SX2, de 10 min. para a categoría SX85 e SX65 e de 15 minutos para SXAfeccionados e SX+Master. Entre o final dos adestramentos e o comezo das mangas de cada grupo deberá haber, como mínimo, un intervalo de 30 min. Os pilotos das categorías SXAfeccionados e SXMaster competirán xuntos nas probas do C.G. de Supercross cando entre as dúas categorías non superen os 20 participantes.

A orde da entrada dos corredores na liña de saída determinarase e da seguinte forma: Por adestramentos cronometrados, dos que se clasificarán para as mangas finais os pilotos pola volta máis rápida ata completar os 16 postos da grella de saída e quedarán os dous seguintes de reserva para o caso en que algún dos clasificados non poida

saír nas mangas. Poderá realizarse unha manga de consolación cos pilotos non clasificados. As mangas finais terán a mesma duración en tódalas competicións de Cto. Galego que serán:

SX1/SX2/S18 :	2 Mangas de 10 minutos máis dúas voltas.
SX85:	2 Mangas de 8 minutos máis dúas voltas.
SX MASTER:	2 Mangas de 8 minutos máis dúas voltas.
SX65:	2 Mangas de 6 minutos máis dúas voltas.

6. MÍNIMO DE PARTICIPANTES. Para realizar unha competición de calquera das categorías deberán estar inscritos en tempo e forma un mínimo de oito pilotos da mesma categoría ou das categorías que compitan conxuntamente. Se entre as categorías de Aficionados e Master xuntas non hai mais de 20 participantes verificados, adestrarán e competirán conxuntamente aínda que se extraerá unha clasificación separada para podio e trofeo. Para que unha competición sexa puntuable para este campionato, deberán tomala saída nos adestramentos un mínimo de tres pilotos desa categoría.

7. VERIFICACIÓNS. Antes de comeza-los adestramentos, as motocicletas participantes deberán pasar unha verificación preliminar de chasis e motor. Unha vez finalizada a competición, as motocicletas clasificadas nas cinco primeiras posicións de cada categoría deberán dirixirse ó parque pechado onde permanecerán ata 30 minutos despois de ser publicadas as clasificacións da competición.

Os comisarios técnicos poderán verificar de oficio as motocicletas que consideren oportuno.

A organización, en caso de consideralo necesario, poderá reter unha moto participante co fin de verificala de forma precisa, ata 72 horas hábiles despois da competición.

Antes do comezo dos adestramentos e da competición verificarase a indumentaria dos participantes, que deberán ir provistos de: casco homologado, botas, guantes e prendas axeitadas para este tipo de probas.

Todo corredor está autorizado a empregar dúas motocicletas presentadas a control técnico, tanto en adestramentos coma nas mangas de clasificación, e non poderán cambiar de motocicleta durante o desenvolvemento dunha manga.

8. PREMIOS. O club organizador deberá entregarlles trofeos ós tres primeiros clasificados de cada categoría.

9. CLASIFICACIÓN DOS PILOTOS. A clasificación particular en cada competición será a suma de puntos obtidos nas dúas mangas finais, de maior a menor, independentemente de que un piloto se clasifícase ou non nunha das mangas.

Para a clasificación de cada competición, ó igual que os campionatos de pilotos, ó vencedor de cada manga adxudicaráselle 25 puntos, 20 ó segundo, 16 ó terceiro, 13 ó cuarto, 11 ó quinto, 10 ó sexto, 9 ó sétimo, 8 ó oitavo, 7 ó noveno, 6 ó décimo, 5 ó undécimo, 4 ó décimo segundo, 3 ó décimo terceiro, 2 ó décimo cuarto e 1 ó décimo quinto.

Para clasificarse nunha manga será indispensable cubrir, como mínimo, 3/4 partes das voltas totais percorridas polo primeiro clasificado, ademais de pasar pola liña de meta nos dous minutos seguintes á chegada do vencedor.

Para a clasificación final do campionato serán sumados os puntos conseguidos por cada piloto en tódalas mangas celebradas, non será desbotado ningún resultado.

Nos casos de empate nas competicións puntuables resolveranse a favor do piloto que realizase o mellor posto nunha das mangas. Se a igualada persiste, será determinante o resultado da última manga da competición.

Os casos de empate na clasificación final do Campionato Galego resolveranse a favor do que obtivese un maior número de primeiros postos; de subsistir, a favor do que obtivese maior número de segundos postos, e así sucesivamente. Se este aínda perdura será determinante o resultado da última manga puntuable na que participasen conxuntamente os pilotos en cuestión. Sé a igualdade persiste, será determinante o resultado da última competición na que algún dos implicados obtivera puntos.

10. CAMPIONATO DE CLUBS, ESCUDERÍAS E MARCAS. As puntuacións finais no campionato dos dous mellores pilotos de cada club sumaranse para determinar a qué entidade se lle entregará o Diploma acreditativo deste campionato.

11. DIPLOMAS E TROFEOS. A Federación Galega de Motociclismo outorgaralle, ó finaliza-lo campionato, os seguintes premios en cada categoría:

ó piloto campión:	DIPLOMA e TROFEO	ó club ou escudería campioa:	DIPLOMA
ó piloto subcampión:	DIPLOMA e TROFEO		
ó piloto terceiro clasificado:	DIPLOMA		

Todo aquel piloto que se clasifique nunha das tres primeiras posicións nunha competición ou nun campionato, está obrigado a asistir á entrega de premios. O incumprimento inxustificado desta norma producirá a perda do premio ou trofeo correspondente.

Senón pode asistir por algunha causa xustificada, deberá comunicalo ó organizador e ó presidente do xurado. O incumprimento desta norma, ademais de significa-la perda do premio ou trofeo correspondente, producirá a perda dos puntos acadados nesa proba para o campionato.

12. INFRACCIÓN E SANCIÓN. Considerase infracción o acto voluntario ou involuntario, realizado durante o transcurso dunha competición e contrario ós regulamentos en vigor ou as ordes dadas por un oficial responsable da competición. Tamén os actos de corrupción, fraude ou calquera outra acción que dane ós intereses da competición, participantes ou deporte en xeral. Durante o transcurso dunha competición o xurado ou árbitro, directamente ou a proposta do director de competición ou de calquera oficial autorizado pola federación competente pode impoñe-las seguintes sancións: Advertencia, multa, penalización de tempo ou voltas, desclasificación, exclusión e descalificación segundo o regulado nos artigos 110 e 111 do regulamento deportivo. Poderán ser motivo de sanción tódalas aquelas faltas recollidas no regulamento xeral de Super-Cross, Regulamento Deportivo da F.G.M. ou Regulamento Disciplinario. As sancións por infraccións cometidas polos acompañantes dos pilotos recaerán sobre os propios pilotos.

13. RECLAMACIÓN. Calquera reclamación contra o desenvolvemento da proba ou da conduta doutro piloto deberá facerse por escrito acompañada de 90 € dentro da media hora seguinte ó termo da proba.

Calquera reclamación contra a clasificación da proba deberá facerse por escrito acompañada de 90 euros dentro da media hora seguinte á publicación desta.

Calquera reclamación técnica contra unha motocicleta deberá facerse na media hora seguinte ó remate da proba, por escrito e xunto cunha fianza de 150 €.

Se se comprobouse a veracidade dunha reclamación, o importe será devolto, no caso contrario será retido e enviado á F.G.M.

As reclamacións entregaranse en man ó director da competición ou árbitro, acompañadas da fianza correspondente e asinada unicamente pola persoa directamente afectada. Non poderá referirse a máis dun tema por reclamación.

Os pilotos participantes están obrigados a desmonta-los órganos mecánicos da súa moto diante do comisario técnico se houberse unha reclamación (neste sentido) doutro participante ou por verificación de oficio. A desmontaxe tamén poderá ser realizada por un mecánico do propio piloto.

14. APRAZAMENTO DAS COMPETICIÓN. Os aprazamentos das competicións deberán ser solicitados por escrito cun mes de antelación, como mínimo. Indicaranse os motivos e a nova data de realización da proba. Esta terá que ser obrigatoriamente anterior á penúltima carreira do campionato. No caso contrario quedará definitivamente anulada, e segundo acordo da asemblea xeral do 22/01/00 perderá o aval ou garantía, así como as posibles subvencións por organizar probas dos campionatos galegos. A todas probas suspendidas serán cargados dereitos dobres. A Comisión Delegada será a encargada de designar a organización da competición reserva.

15. SEGURIDADE. Obrigatoriedade de ter no circuíto durante a competición, dende o inicio dos adestramentos unha ambulancia medicalizada (UVI MÓBIL CON MEDICO), ademais doutra ambulancia

O que pola súa extensión non se recolla no regulamento deste campionato, rexerase polo Regulamento deportivo da F.G.M e o seu anexo de Supercross.

A interpretación deste regulamento corresponde ó xurado da proba e a Comisión Delegada da F.G.M.